



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA VINTE E CINCO DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E SEIS (8/2026)

Na Casa do Concello de Monfero, ás 12 horas e 25 minutos do día vinte e cinco de marzo de dous mil vinte e seis, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, alcalde en funcións, por enfermidade do Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen-se os Sres. Concelleiros: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, para o efecto de celebrar a sesión extraordinaria convocada para ese día ás doce horas.

Actúa como Secretaria, D.^a Ana Ramos Ramos, secretaria en réxime de acumulación.

Os asuntos da orde do día son os seguintes:

1. Aprobación da acta da sesión do día 18 de xaneiro de 2026
2. Concesión de axuda ao fomento da natalidade
3. Solicitude de devolución de taxa por dereitos de exame
4. Concesión licenza de obras
5. Aprobación da relación de facturas núm. 017XOK/2026
6. Asuntos urxentes

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 18 DE XANEIRO DE 2026

O Sr. Alcalde en funcións pregúntalles aos asistentes se teñen que facer algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou con anterioridade á convocatoria desta sesión no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello, e non formulan ningunha. O Sr. Alcalde en funcións, ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión do día 18 de marzo de 2026 se considera aprobada sen ningunha obxección por UNANIMIDADE dos presentes.

2. CONCESIÓN DE AXUDA AO FOMENTO DA NATALIDADE

A Sra. Secretaria-Interventora da conta do expediente, da documentación acreditativa achegada, das comprobacións realizadas, e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

CONCESIÓN DE AXUDA AO FOMENTO DA NATALIDADE

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Unha vez examinada a solicitude presentada no Rexistro de Entrada deste Concello o 06-03-2026, núm. 20260000000138, que figura no expediente 2026/A003/000002, e a documentación que se lle achega para xustificar o cumprimento dos requisitos para a concesión das axudas para o fomento da natalidade que establece a ordenanza municipal vixente, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Conceder a axuda que establece a Ordenanza municipal reguladora do fomento da natalidade do Concello de Monfero, aprobada polo Pleno da Corporación o 25 de outubro de 2011 e publicada no BOP núm. 247, correspondente ao día 29 de decembro de 2011, ao nacemento ao que se refire o expediente núm. 2026/A003/000002, por importe de 1.500,00 euros, e proceder ao seu pagamento mediante transferencia bancaria á conta facilitada polo beneficiario. O nome e apelido do/a nacido/a, que, entre outros datos, non se fai constar neste acordo para respectar o dereito á intimidade e á protección de datos, por considerar que non é estritamente necesario, responde as seguintes iniciais: X.C.G.

En Monfero, na data da sinatura dixital deste documento polo Alcalde en funciónsO Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por **UNANIMIDADE**, acorda aprobar a proposta.

3. SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE TAXA POR DEREITOS DE EXAME

A Sra. Secretaria-Interventora informa sobre a solicitude da persoa interesada, sobre o contido da ordenanza fiscal de aplicación e sobre a proposta de acordo da Alcadia con respecto a este punto que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico e se transcribe literalmente deseguido:

"PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN TAXA POR DEREITOS DE EXAME

Logo de examinar a solicitude de devolución das taxas por dereitos de exame satisfeitas, presentada por D.^a MARÍA MONTERO GONZÁLEZ en data 13/01/2024, con número de rexistro de entrada 202499900000028, correspondentes á convocatoria para a provisión en propiedade dunha praza vacante de funcionario de carreira, Arquitecto/a municipal de Administración Especial do Concello de Monfero, anunciada no Boletín Oficial da Provincia n.º 234, do 12 de decembro de 2017.

Revisada a documentación complementaria achegada pola interesada en data 9 de marzo de 2026, con número de rexistro de entrada 202699900000139, atendendo ao requirimento de subsanación efectuado en data 15 de xaneiro de 2024, incluída no expediente 2024/T001/000001 e, tendo en conta a comunicación de desistencia da participación no proceso de selección indicado.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Considerando que o artigo 2 da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa por dereitos de exame do Concello de Monfero (BOP nº 34, do 18/02/2022) di: *“Constitúe o feito imponible da taxa, a actividade técnica e administrativa conducente á selección do persoal funcionario e laboral **entre os que soliciten participar como aspirantes** en probas de acceso ou promoción ás escalas de funcionarios ou ás categorías de persoal laboral convocadas por este concello”*;

*“Cando, **por causas non imputables ao suxeito pasivo, a actividade** técnica e administrativa a que se refire o parágrafo anterior **non se realice**, procederá a devolución do importe correspondente”*

Tendo en conta o anterior, e considerando que non se produciu o feito imponible.

Propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Aceptar desistencia da participación no para a provisión en propiedade dunha praza vacante de funcionario de carreira, Arquitecto/a municipal de Administración Especial do Concello de Monfero, comunicada por D.^a MARÍA MONTERO GONZÁLEZ
- 2.- Aceptar a solicitude presentada por D.^a MARÍA MONTERO GONZÁLEZ e aprobar a devolución da cota satisfeita da taxa de dereitos de exame para participar na convocatoria para a selección e para a provisión en propiedade dunha praza vacante de funcionario de carreira, Arquitecto/a municipal de Administración Especial do Concello de Monfero, por importe de 80,00 €
- 3.- Proceder ao seu pagamento mediante transferencia bancaria á conta facilitada pola interesada.
- 4.- Notificar este acordo á interesada

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por **UNANIMIDADE**, acorda aprobar a proposta.

4. CONCESIÓN LICENZA DE OBRAS

A Sra. Secretaria-Interventora dá conta da solicitude da persoa interesada coa documentación que lle achega, das autorizacións e/ou informes sectoriais, dos informes técnico e xurídico, da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec que se indica neste acordo máis adiante e que se transcribe literalmente deseguido e do resto da documentación que consta nel:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

CONCESIÓN DE LICENCIA DE OBRAS

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Logo de ver o expediente urbanístico municipal (TEDEC) número: 2025/U023/000001, que se describe a continuación cos seguintes datos:

Expediente municipal (TEDEC) número: 2025/U023/000001

Datos do interesado/a: D^a MARÍA ÁNGELES CORTIZAS PRIMOY

Número e data de entrada no Rexistro Municipal: número 202599900000630 de data 24/12/2025

Lugar de realización: Lugar de Villafail 15. Parroquia de Queixeiro. Concello de Monfero. Provincia de A Coruña.

Referencia catastral rústica:15051A011003290000LJ.

Descrición técnica das obras: Demolición de edificación existente segundo "PROYECTO: DE DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓN EXISTENTE"

Autor do proxecto: D^a Beatriz Aneiros Filgueira. Arquitecta Colexiada COAG 2137

Orzamento de execución material: 3.500,00 €.

Tendo en conta os **antecedentes urbanísticos** que son os seguintes:

De acordo ao indicado no proxecto técnico: A parcela na que se pretende a realización dos traballos descritos anteriormente sitúase no lugar de Villafail n.º 15, concello de Monfero, a referencia catastral da parcela é 15051A011003290000LJ e o alpendre forma parte da construción con referencia catastral 002501600NJ70E0001YH.

A edificación atópase en bo estado aínda que necesita certos traballos de mantemento e mellora, pero optouse pola súa demolición para ampliar a era posterior da casa. A edificación componse de dúas plantas, na planta baixa existen dúas pequenas estancias, na planta alta unha soa estancia sen peche na fachada que dá á era.

Linda ao Norte cun camiño (servidume de paso a un prado), ao Sur coa vivenda desta mesma propiedade, o Leste coa era posterior da vivenda e ao Oeste cunha cuadra desta mesma propiedade

Non se achega licenza de edificación pero ao abeiro dos datos existentes e da tipoloxía edificatoria enténdese suxeita consonte ó Artigo 40 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia.

Considerando que as obras proxectadas consisten na demolición da edificación existente anexa, e posteriormente reparar o muro de pedra existente.

2.- Está suxeito a licenza municipal por atoparse entre os actos que sinala o artigo 142.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia. As obras afectan a elementos estruturais e modifican a volumetría e arquitectura existente e supón un uso asociado ao residencial, permitido ao abeiro do Artigo 40 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia.

3.- **A clasificación actual da parcela** sobre a que se asenta, ou se vai asentar, a construción ou instalación é a de solo rústico de protección ordinaria ao carecer o Concello de planeamento municipal, e a que lle outorga o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Monfero

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

aprobado inicialmente pola Corporación Municipal o 16 de marzo do 2016 é a de: Solo de Núcleo Rural Común. Villafail.

4.- No proxecto descríbense expresamente os actos que se pretenden realizar e xustifícase que os mesmos cumpren coa ordenación urbanística de aplicación. A descrición técnica que se achega das características do acto de que se trata é suficiente e axeitada.

5.- As obras a realizar pódense levar a cabo por tratarse de obras de rehabilitación – conservación de edificación tradicional existente, non se plantexan novos usos e se manteñen a parcela e edificacións existentes á marxe polo que os traballos plantexados no proxecto son compatibles coa Lei 2/2016 do Solo de Galicia e no tipo de Solo no que se empraza (Solo Rústico de Protección Ordinaria) así como da pegada da edificación orixinal ao amparo do seu Artigo 40.

6.- As obras comunicadas, non están afectadas pola suspensión de licencias no sentido de que a suspensión do outorgamento das licenzas acordada non afectará ás obras de mantemento, conservación e reforma, agás nos casos de obras de rehabilitación integral que sexan equiparables ás de reconstrución total do edificio non xustificadas en razóns de urxencia ou que supoñan un aumento de volume do edificio, nin as licenzas de primeira ocupación, nin aos actos suxeitos ao trámite de comunicación previa, sempre e cando se trate de obras ou actos para a implantación de usos ou actividades autorizados polo novo planeamento, nin aos proxectos que cumpran simultaneamente coa normativa vixente e coa proposta no PXOM aprobado inicialmente e, para estes efectos, efectuar as adaptacións necesarias e entender que o réxime aplicable ao solo rústico é o previsto para este tipo de solo na Lei 2/2016 do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e que para as edificacións tradicionais existentes, tanto neste tipo de solo como no solo de núcleo rural, é o previsto no artigo 40 da Lei 2/2016.

7.- Ao abeiro do DECRETO 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, sinalar que o plan reflicte os ámbitos de afección que, sobre o territorio, establece a normativa sectorial de aplicación con incidencia no planeamento urbanístico. Apórtanse informes positivos das dúas estradas afectadas con incidencia supra municipal (Deputación da Coruña e da Xunta de Galicia).

Así mesmo, segundo o documento de aprobación inicial do PXOM de Monfero, as obras non afectan á área de afección de ningún ben patrimonial catalogado no Catálogo de elementos que hai que protexer ou recuperar, nin que se atope na área de afección do ben catalogado na aprobación inicial do Concello de Monfero.

8.- A solicitude de licenza, coa documentación que se lle achega, está completa segundo o establecido no art. 143 da devandita Lei 2/2016.

9.- Constan no expediente o informe xurídico e o informe favorable do técnico contratado para o efecto, dos que se da conta detallada neste acto.

Tendo en conta que na tramitación do expediente observáronse as prescricións legais aplicábeis, **propóñolle á Xunta de Goberno local**, en harmonía cos devanditos informes, sen prexuízo de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade, conforme dispón o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, a adopción dos seguintes acordos:

1.- Conceder a licenza urbanística para as obras que se indican a continuación, que non eximen da obtención doutras que, se for o caso, procedan.

A D^a MARÍA ÁNGELES CORTIZAS PRIMYO para a realización das obras contidas no proxecto denominado: “PROXECTO de DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓN EXISTENTE” no lugar de Villafail, parroquia de Queixeiro deste termo municipal, a executar conforme ao proxecto técnico elaborado por D.^a Beatriz Aneiros Fligueira, Arquitecto Colexiado nº 2137, cun orzamento de execución material de: 3.500,00 €.

2.- Condicionar a concesión da citada licenza urbanística ao cumprimento das condicións que se indican a continuación, ás que así mesmo se presta aprobación, e ao sometemento ao disposto pola normativa vixente de aplicación.

CONDICIÓNS XERAIS E ESPECÍFICAS

1) As obras que se solicitan deberán cumprir os seguintes prazos: o prazo de iniciación non poderá exceder dos seis meses e o de terminación os tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

2) Unicamente se poderán executar as obras contempladas no proxecto e coas características tipolóxicas, estéticas e construtivas e cos materiais, cores e acabados acordes coa paisaxe rural e as construcións do entorno. As dimensións e características das obras non excederán das autorizadas, considerándose como infracción urbanística calquera extra limitación na que se incorra. Toda variación que se pretenda introducir precisará da conformidade previa.

3) Ademais de cumprir coas condicións de edificacións indicadas no proxecto así coma no presente informe, deberá cumprir co establecido no artigo 39 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia e que se describen a continuación:

a/Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos, e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.

b/Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.

e/Farase constar no rexistro da propiedade a vinculación da superficie esixible á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas polo título habilitante de natureza urbanística ou a autorización autonómica

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

- 4) Na realización dos traballos estarase obrigado a reparar os estragos que como consecuencia das obras se orixinen nas vías públicas e demais espazos lindeiros, e a mantelos en condicións de seguridade, salubridade e limpeza.
- 5) A presente solicitude producirá efectos entre o Concello e quen a promove, pero non alterará as situacións xurídicas privadas entre este e as demais persoas. As obras realizaranse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.
- 6) O promotor - solicitante deberá ter a disposición dos servizos municipais a oportuna licenza rexistrada neste Concello e facilitará o acceso dos ditos servizos á obra para a súa comprobación e inspección.
- 7) Durante a execución das obras para as que se solicita licenza deberá cumprirse co Real Decreto 105/2008 do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.
- 8) Previo inicio dos traballos deberá achegar perante este Concello oficios dos técnicos intervinentes no procedemento de derribo e toda vez finalizado o mesmo achegar certificado de finalización dos traballos asinado e visado por técnico competente.
- 9) Non se poderá dar comezo as obras sen satisfacer previamente o imposto municipal que corresponda e achegar ao Concello o oportuno xustificante.

3.- Aprobar a liquidación polo Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras que se detalla:

Liquidación provisional polo Imposto Municipal sobre Construcións, Instalacións e Obras:

<u>BASE IMPONIBLE</u>	<u>TIPO GRAVAME</u>	<u>COTA</u>	<u>COTA MÍNIMA</u>
3.500,28 €	2,3%	80,50 €	120,00 €

Asina en Monfero, O Alcalde en funcións: Alberto Cortizas Rejo"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por **UNANIMIDADE**, acorda aprobar a proposta.

5. APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS NÚM. 017XOK/2026

A Sra. Secretaria-Interventora informa sobre as facturas a aprobar, sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido, sobre o seu informe de intervención e sobre o resto da documentación que, como a anteriormente indicada consta asinada dixitalmente no expediente electrónico relacionado con este punto:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de examinar as facturas incluídas na relación delas n.º 017XOK/2026 e o informe favorable da Intervención municipal que consta asinado dixitalmente no correspondente expediente electrónico, considerando que as prestacións corresponden a servizos derivados de compromisos de gasto debidamente adquiridos e que consta acreditado no expediente que están realizadas e en beneficio e coa conformidade do Concello, que dispón de crédito orzamentario suficiente e axeitado para facerlles fronte, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes aos gastos que contén a relación de facturas que se indica a continuación, aos que se lle presta aprobación, e que a Tesourería Municipal proceda ao seu pagamento aos provedores e a súa contabilización con cargo ás aplicacións orzamentarias que nela se indican:

RELACIÓN DE FACTURAS NÚMERO	017XOK/2026
Importe total	35.020,28€
Número de facturas e gastos que contén	5
Número do Rexistro Facturas da primeira factura	F/2026/418
Número do Rexistro Facturas da última factura	F/2026/564

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por **UNANIMIDADE**, acorda aprobar a proposta.

6. ASUNTOS URXENTES

Non hai

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás doce horas e trinta e catro minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, certífico.

O Alcalde en funcións

A Secretaria en réxime de acumulación

D. Alberto Cortizas Rejo

D.ª Ana Ramos Ramos